

Foto: Carla Estévez Varela

MAIO 2024

RESUMO MENSUAL DE ACTIVIDADES

CINBIO

MAIO 2024

XESTIÓN CINBIO



Equipamentos

Cabinas de seguridade

Validación de cabinas de seguridade biolóxica e incubadores de CO₂.

Enquisas

Realización de enquisas para coñecer a opinión dos servizos do CINBIO.

Tanque de crioxenización

Realización do mantemento do tanque de crioxenización (tanque de células; en proceso).

Sala de SAI do M3

Reparación da unidade de clima da sala de SAI do M3.

Serv. Bioexperimentación

Realización do control sanitario dos animais aloxados no servizo de bioexperimentación.

Liña de H₂ do M5

Reparación (sustitución) del manorreductor da liña de H₂ del laboratorio común del M5.

#teamCINBIO

Lembramos que temos a disposición do #teamCINBIO o software de xestión CIENTIFIS, onde podedes actualizar o voso CV, fotografía, contacto, proxectos e información de grupo. Podedes actualizar o voso perfil de forma automática en cinbio.es

Proximamente

Controis de acceso

Instalación de control de accesos nos laboratorios dos grupos de investigación (fase I).

Centralita de CO₂

Instalación e configuración do sistema de alarmas da centralita de CO₂ semiautomática.

Bioexperimentación


Validación e cualificación das salas e equipamento asociado do servizo de bioexperimentación.

Citómetro sorter

Realización do mantemento preventivo do citómetro sorter.

Sinalética

Producción e instalación da sinalética do edificio.



A fotografía de maio no calendario do #teamCINBIO está realizada por Carla Estévez, do grupo FunNanoBio. Nela podemos observar nanovaretas de ouro sobre a pantalla fluorescente do microscopio electrónico de transmisión. Esta técnica permite caracterizar a morfoloxía das nanopartículas sintetizadas no laboratorio que serán empregadas para distintas aplicacións, como por exemplo a detección da dispersión Raman intensificada en superficie (SERS).



Seminario Pablo Docampo

O xoves 2 de maio o Dr. Pablo Docampo (University of Glasgow) impartiu o seminario "Hybrid Halide Perovskites: Taking advantage of ion migration and stability" dentro do ciclo CINBIO Seminar Programme. [Máis info.](#)



CINBIO, membro da NWA

O CINBIO xa forma parte da Nanotechnology World Association (NWA), unha importante rede formada por 200.000 profesionais do ámbito da nanotecnoloxía, contando cun perfil propio na súa web. [Máis info.](#)



Charla África González

A líder do grupo de Inmunoloxía, África González, compartiu unha charla sobre vacinas, inmunoloxía e aplicacións da investigación neste eido co alumnado de 4º de ESO do Colexio Quiñones de León de Vigo. [Máis info.](#)



Charla Belén Vaz

A investigadora do grupo de Química Orgánica (ORCHID), Belén Vaz, achegouse ata o IES Indalecio Pérez Tizón (Tui) para participar na xornada "Donas de si". Alí tivo un encontro con arredor de 20 estudantes de 4º da ESO. [Máis info.](#)



Síndrome de Joubert

A líder do Laboratorio de Enfermidades Raras do CINBIO, Diana Valverde, participou na II Xornada Nacional sobre a síndrome de Joubert, que tivo lugar o sábado 11 de maio en Cangas do Morrazo. [Máis info.](#)



A moda das nanopartículas

A firma de moda Versace convida a explorar a beleza oculta das nanopartículas de ouro a través de imaxes obtidas nos laboratorios dirixidos polo investigador Luis Liz-Marzán no CINBIO e no CIC biomaGUNE. [Máis info.](#)



[Pint of Science 2024](#)

David Posada, do grupo de Filoxenómica, e Begoña Puértolas, de TeamNanoTech, participaron con dúas charlas no festival internacional de divulgación científica *Pint of Science 2024*. [Máis info.](#)



[Seminario Mato Knez](#)

O Dr. Mato Knez (Ikerbasque Research Professor, CIC nanoGUNE) impartiu o seminario "Inspiration from nature: how to get the best out of materials" dentro do ciclo CINBIO Seminar Programme. [Máis info.](#)




[Artigo en The Conversation](#)

A líder do grupo de Inmunoloxía, África González, publicou un artigo divulgativo en The Conversation España sobre un tema de gran interese científico: o proceso de envellecemento. [Máis info.](#)



[Visita do alumnado do PUM](#)

O luns 20 de maio recibimos a visita do alumnado que cursa a materia de "Bioloxía humana e saúde" dentro do Programa Universitario de Maiores da Universidade de Vigo, e impartida por Mercedes Peleteiro. [Máis info.](#)



[Ferramenta Sadisir](#)

Persoal investigador do grupo SING participa na creación de 'Sadisir', unha ferramenta que emprega Intelixencia Artificial para optimizar a diagnose de enfermidades a partir de imaxes de raios X. [Máis info.](#)



[Seminario Vanesa Álvarez](#)

A Dra. Vanesa Álvarez Álvarez (Gene Regulatory Control in Disease Group at CIMUS, USC) impartiu o seminario "Deciphering ribosome specialisation during myelination", dentro do CINBIO Seminar Programme. [Info.](#)



[Seminario Noemi Fiaschini](#)

Noemi Fiaschini (NANOFABER) impartiu o seminario "NanoCoatings and Nano-Biomaterials for Health and Biomedicine - Demo Cases from NANOFABER" dentro do ciclo CINBIO Seminar Programme. [Máis info.](#)



[#teamCINBIO: Irene da Costa](#)

O martes 28 de maio, Irene da Costa, dos grupos de Nanomateriais Híbridos e TeamNanoTech do CINBIO, impartiu unha charla dentro do ciclo de seminarios Coñece ao #teamCINBIO. [Máis info.](#)



[#teamCINBIO: Amanda Guitián](#)

Amanda Guitián, de CellCOM, impartiu una charla no ciclo *Coñece ao #teamCINBIO*: "New signaling pathways implicated in resistance to targeted therapy in tumors with alterations of the MAPK pathway".



Seminario Agustina Asenjo

O xoves 29, a Dra. Agustina Asenjo (Institute of Material Science, Madrid-CSIC) impartiu o seminario "Magnetic Imaging: Challenges and Perspectives" dentro do ciclo CINBIO Seminar Programme. [Máis info.](#)



Seminario Karina Pombo

A Dra. Karina Pombo García (Rosalind Franklin Institute) impartiu o seminario "Wetting of the junctional condensates at the apical interface promotes tight junction formation". [Máis info.](#)



Feira "A ciencia que vén"

As científicas do grupo de Filoxenómica, Loretta De Chiara e Nuria Estévez, participaron na feira "A ciencia que vén", organizada pola UCC+i en Pontevedra para fomentar as vocacións científicas. [Máis info.](#)



Publicacións

Mantente ao día das últimas publicacións dos distintos grupos de investigación do CINBIO consultando a nosa web: cinbio.es. [Máis info.](#)



Enquisa de satisfacción

Lembra que temos dispoñible todo ano a [enquisa](#) de satisfacción e son benvidas propostas e suxestións. Aínda que se o prefires, estaremos encantadas de atenderte de forma presencial na Unidade de Xestión.



CIENTIFIS

Lembramos ao persoal CINBIO que temos a súa disposición o software de xestión [CIENTIFIS](#), onde poden actualizar o seu CV, proxectos e info de grupo, actualizándose de forma automática en cinbio.es

XUÑO 2024

PRÓXIMOS EVENTOS



Formación

THE THINKING INSTITUTE 2024

The Thinking Institute aims to bring together scientists from around the world to discuss science with an open mind, so that new research directions may emerge from a multidisciplinary environment. Attendance to lectures will be free but registration will be required. Students and researchers from CINBIO will have the opportunity to meet and discuss with the invited speakers, who will also meet privately for further joint thinking.

June, 5th-6th. 2024

Edificio Miralles (Sala 1)

Campus Universitario de Vigo



Nicholas Kotov
University of Michigan



Mónica Olvera de la Cruz
Northwestern University



Sara Bals
University of Antwerp



Mathias Brust
University of Liverpool



Thomas Hellweg
University of Bielefeld



Joerg Lahann
University of Michigan



Luis Liz-Marzán
CIC biomGUNE and CINBIO

Os días **5 e 6 de xuño** celebraremos a **III edición de The Thinking Institute**, un encontro que contará coa presenza de sete especialistas internacionais en nanociencia. O evento terá lugar no edificio Miralles do campus de Vigo e está aberto a todas aquelas persoas que teñan inqedanzas científicas. Será **necesaria inscrición previa**, que xa está dispoñible na nosa web xunto co programa das dúas xornadas.

[Máis información e formulacio de inscrición.](#)

#teamCINBIO

Son benvidas todo tipo de suxestións e ideas sobre as áreas temáticas das actividades formativas así como propostas de seminarios e clases maxistras. Igualmente, aquelas persoas que queirades participar presentando a vosa investigación no ciclo “Coñece ao #teamCINBIO”, non dubidedes en facérnolo saber.

13 e 14 de xuño: Twinflag Workshop

Twinflag
twining inflammation aging



Funded by
the European Union

O proxecto europeo *Twinflag* promove actividades como xornadas científicas para fomentar novas colaboracións entre o persoal investigador do consorcio e os seus centros de investigación. A próxima xuntanza no marco deste proxecto terá lugar na Universidade de Vigo e no CINBIO, baixo a organización do grupo CellCOM, liderado pola investigadora María Mayán.

O encontro inclúe unha **axenda de actividades abertas á comunidade universitaria**, que terán lugar **na sala de seminarios de Torre CACTI e no Edificio Redeiras**.

[Máis información.](#)



Formación

4 de xuño:

Seminario Alexander O. Govorov



O martes 14 de xuño o Dr. Alexander O. Govorov (Department of Physics and Astronomy, Ohio University, Athens, USA) ofrecerá o seminario *Biosensing with inexpensive plasmonic materials, nanocrystals with complex shapes, hot spots and hot electrons, chiral photochemistry, and more* dentro do ciclo "CINBIO Seminar Programme". Será ás 11:00 horas na Sala de seminarios da Torre CACTI. [Máis info.](#)

19 de xuño: Seminario

Transferencia da Innovación

Continuamos co programa formativo en Transferencia de resultados de investigación.

A quinta sesión do programa realizarase o 19 de xuño, e busca aproximar ao persoal investigador do CINBIO a conceptos clave sobre a cultura da innovación, así como temas transversais como a creatividade, o liderazgo, a estratexia ou os procesos e a xestión do cambio.

Será de 10 a 12 horas na Sala de Seminarios da Torre CACTI.

[Formulario de inscrición.](#)


#teamCINBIO

Son benvidas todo tipo de suxestións e ideas sobre as áreas temáticas das actividades formativas así como propostas de seminarios e clases maxistras. Igualmente, aquelas persoas que queirades participar presentando a vosa investigación no ciclo "Coñece ao #teamCINBIO", non dubidedes en facérnolo saber.

Proximamente máis información

27 de xuño - Coñece ao #teamCINBIO: Julia Majcherkiewicz

O xoves 27 de xuño, Julia Majcherkiewicz, do grupo de Nanomateriais Híbridos do CINBIO, impartirá un seminario dentro do ciclo "Coñece ao #teamCINBIO". Será na Sala de Seminarios de Torre CACTI ás 11:00 horas.



cinbio.es

